

POR 1ª VEZ NA CORUÑA



Sábado 27
de Febreiro de 2010

PROGRAMA

Qué é FAI?

FAI, primeiro Festival de Arte e Integración, nace coa finalidade de mostrar propostas de Artes Escénicas e Musicais que sirvan para facilitar a integración social.

Estas propostas serán levadas a cabo por compañías e grupos cunha ampla experiencia profesional que dedicaron todos os seus esforzos en desenvolver espectáculos para individuos e colectivos con dificultades de integración.

FAI pretende abrirse, crear vínculos, mostrar o que a arte pode chegar a facer.

Ademais FAI contará con actividades paralelas á programación de espectáculos, como conferencias, mesas redondas nas que poderán participar profesionais, interesados en mellorar as súas competencias nesta área de traballo, así como público xeral interesado nesta temática.

Teatro, música, danza e formación uniránse nun só día para crear unha vía aberta e comunicadora que inclúe, que une, que dá oportunidades. Que esta vía sexa alicerce artístico e integrador.

Conferencia 1 ▶ 10.00h ▶ Integración social a través da Arte

Imparte: **Vicente Galaso**, *Psicólogo*, e **Silvia Longueira**, *Conselleira de Asuntos Sociais de A Coruña*.

Dende o 2006 traballa como Director de Programas da Fundación SaludArte con sede en Madrid, Miami e Caracas. Tamén como Director da Área Social en festivais como “I e II Festival España-Venezuela” en colaboración coa “Fundación Orquestas Juveniles e Infantiles de Venezuela (FESNOJIV)”, “Escuela y Festival Internacional de música Presjovem” e “Festival Artes no Camiño”. De seguido intervendrán Silvia Longueira, Conselleira de Asuntos Sociais de A Coruña, e Carlota Pérez, creadora da idea orixinal do proxecto.

Obxectivo: Demostrar como a arte pode ser un bo camiño para a integración de persoas en risco de exclusión social.

Dirixido a: Público xeral e todas aquelas persoas que se queiran formar en integración a nivel educativo, especialmente educadores sociais, integradores sociais, mestres especiais, psicopedagogos, psiquiatras...

Lugar de realización: Sala de Conferencias.

Inscripcións en: info@expocoruna.com

Charla - coloquio ao rematar a conferencia.

Conferencia 2 ▶ 11.00h ▶ Proxecto educativo integrador: O Pelouro

“O Pelouro” é o primeiro proxecto educativo de libre ensinanza e integración desenvolvido en España. Unha escola singular, sen horarios, nin materias. Unha escola para todos os nenos e nenas que requiren necesidades educativas especiais. Hai que vivirla para entendela. “O Pelouro” ten que ser coñecido e comprendido tamén co corazón. Unha escola que é, ademais, un fogar.

Imparten: **Teresa Ubeira** e **Juan Llauder**, *Pedagoga e neuropsiquiatra infantil*.

Teresa Ubeira, pedagoga e terapeuta, e Juan Llauder, neuropsiquiatra infantil, fundan a escola “O Pelouro” en 1973 co principio de que todos os nenos, sen importar as súas capacidades ou aptitudes, serían benvidos nesta escola.

Obxectivo: Comprobar como cunha metodoloxía pedagóxica innovadora e eficaz se pode desenvolver un proxecto educativo, pioneiro en Galicia, destinado a nenos e nenas con necesidades educativas especiais.

Dirixido a: Público xeral e todas aquelas persoas que se queiran formar en integración a nivel educativo, especialmente educadores sociais, integradores sociais, mestres especiais, psicopedagogos, psiquiatras...

Lugar de realización: Sala de Conferencias.

Inscripcións en: info@expocoruna.com

Charla - coloquio ao rematar a conferencia.

12.00-12.30h Coffee Break

Conferencia 3 > 12.30h > O.N.C.E: "La luciérnaga"

Conferencia a cargo de Victor Duplá, director do proxecto teatral integrador "La luciérnaga" da O.N.C.E.

Dirixido a: Público xeral e todas aquelas persoas que se queiran formar en integración a nivel educativo, especialmente educadores sociais, integradores sociais, mestres especiais, psicopedagogos, psiquiatras...

Lugar de realización: Sala de Conferencias.

Inscripcións en: info@expocoruna.com

Charla - coloquio ao rematar a conferencia.

Espectáculo 1 > 13.30h > O Vello Sorriso



Presentarase un fragmento de 15 minutos, resultado da exploración creativa desenvolvida e que integra nun mesmo espectáculo a persoas da terceira idade e a nenos de 6 a 12 anos, alumnos do obradoiro de danza-teatro da escola "Experimentacultura".

Imparten: Coreógrafos e bailaríns de "Experimentadanza".

Interpretan: Alumnos do obradoiro da escola "Experimentacultura".

No ano 2003 nace "Experimentadanza", compañía profesional de danza contemporánea sita na Coruña. Créase a súa vez "Experimentacultura", un espazo de creación propio que afianza á súa directora como programadora de festivais en "Espazos que danzan" ou "Movemento e arte, urbe, natura". Ademais de crear e producir espectáculos de danza e danza-teatro, a compañía organiza festivais na rúa e espazos de arte. Algúns dos seus espectáculos son "Ás agachadas", os "Nosos sonos nun baúl" entre outros. Entre os seus premios destacan "I Premio do Certame Coreográfico de Madrid", "II Premio do Certame Coreográfico de Galicia", "II Premio do Encontro de Novos Creadores en Póvoa do Varzím" (Portugal) entre outros.

Obxectivo: Mostrar que na linguaxe do movemento non hai barreiras, nenos e maiores interactúan nun mesmo espectáculo.

Dirixido a: Público xeral

Lugar de realización: Auditorio.

Espectáculo 2> 17.00h > Míranos e Camiñando



“Míranos”, a busca do cotiá, os muros que se pechan ós abrazos, os sentidos que abren ou fortifican, a necesidade de ser e sobre todo a volta á inxenuidade, “aínda temos tempo para xogar”.

“Camiñando”, relación do home coa natureza, a busca dun camiño, dunha reflexión facendo alusión ao Camiño de Santiago e ao seu interese espiritual... “O Camiño, é de todos”.

Ambas coreografías nacen do patrocinio da Consellería de Asuntos Sociais do Concello da Coruña e “Experimentacultura”, grupo en integración.

Dirixen: Xoán Carlos Mejuto e Carlota Pérez.

Interpretan: Compañía 5S. **Obxectivo:** Experimentar con diferentes metodoloxías pedagóxicas corporais e teatrais que buscan achegar ferramentas humanas, sensoriais e psicomotrices a través da arte.

Dirixido a: Público xeral. **Lugar de realización:** Galería.

Espectáculo 3> 18.00h > Proxecto Movements en Ruta

O Camiño de Santiago visto polos nenos do grupo “Eudanza”, como experiencia, como punto de partida, como conexión coa natureza. Este espectáculo forma parte do proxecto integrador “Movements en Ruta”.

Interpretan: Grupo Eudanza, baixo a dirección de Laura Llauder, bailarina e coreógrafa.

Laura Llauder é creadora e directora do grupo EUDANZA para xoves en integración do centro de integración e innovación neuropsicopedagóxica “O Pelouro”. Alí desenvolve tamén a súa labor docente como mestra de Psicodanza. Ademais é membro cofundadora da asociación “O Pelouro axeito” dende 1992, onde organiza eventos culturais dentro do “Complexo O Pelouro axeito”. Así mesmo, coordina varios proxectos internacionais.



Obxectivo: Sentir o Camiño de Santiago a través da experiencia dos nenos do grupo “Eudanza”.

Dirixido a: Público xeral. **Lugar de realización:** Galería.

Vídeoproxeccións > 19.00h

Videocreacións e documentais sobre proxectos socioculturais e espectáculos relacionados coa integración: “Que tienes debajo del sombrero”, “Isto é ritmo”, “O Pelouro. Otra manera de hacer danza”, “Aislados. La danza en la carcel de hombres”.

Lugar de realización: Sala de Conferencias.

Conferencia 4> 20.00h > Mostra e Mesa Redonda, Proxecto Carcerario: Illados

Presentación dos proxectos dos cárceres de Teixeira e Monterroso, resultado dos traballos cos homes e mulleres en risco de exclusión social. “Illados” é unha peza realizada por algúns dos alumnos do obradoiro dirixido por Carlota Pérez e Teresa Babío. Proxectarase de seguido “Cadeados”, curtametraxe gañadora de “Curtas na Rede”.

Participan: Vicente Galaso, encargado de promover e programar proxectos de artes escénicas en cárceres de toda España. Pilar Mingote, directora da Asociación “Nosotras Intramuros” do centro Penitenciario de Teixeira, xunto a unha das alumnas dos talleres promovidos pola mesma. Tamén estarán presentes a encargada da xestión e realización dos proxectos de impacto social da Fundación La Caixa dentro da nosa Comunidade Autónoma e a subdirectora de tratamento encargada de programar as actividades para os presidiarios en Monterroso e as redes de comunicación con outras cárceres.

Interpretan: Alumnos Centro Penitenciario de Monterroso.

Dirixido a: Público xeral. **Lugar de realización:** Sala de Conferencias.

Inscripcións en: info@expocoruna.com

Charla - coloquio ao rematar a conferencia.

Espectáculo 4 > 21.00h > Proxecto de teatro “La Luciérnaga”: O meu pobo

Un pobo, Rincón de los Sotos, en 1932. Que podería ser calquera pobo do mundo en calquera século ou época do ano. Un narrador, O TRASPUNTE, que podería ser o escritor ou director desta historia, cóntanos a vida deste pobo. Facendo e desfazendo personaxes coma se dun creador se tratase, dun xeito aparentemente sinxela e cotiá; o amañecer, os almorzos, o colexio, o coro cantando... as cotilla do pobo, a sesta, o atardecer, anoitecer... A través de dous rapaces namorados, Jorge e Emilia e en tres momentos das súas vidas, A INFANCIA, A ADOLESCENCIA E MATRIMONIO E A MORTE. Co fin de que cando dentro de mil ou dous mil anos alguén atope esta obra debaixo dunha pedra... Saiba que a vida... ESTÁ FEITA PARA pasala DE DOUS EN DOS, QUE HAI QUE GOZAR DE CADA MOMENTO PRESENTE POR PEQUENO QUE PAREZA MENTRES VIVES E... O máis sinxelo e difícil á vez: HAI QUE AMAR A VIDA PARA TER VIDA E HAI QUE TER VIDA PARA amala. "Parece ser que só na terra hai vida e esta se está a esforzar todo o tempo para facer algo de si mesma. O esforzo é tan grande que cada dezaseis horas todo o mundo tómbase e descansa. Mmmmm... Son as once en punto en Rincón de los Sotos... Descansen vostedes tamén"

Imparte: Víctor Duplá. Actor e Director.

Actor, profesor e director de teatro nacido en Santander. Formado na Escola de Arte Dramática de Santander e na Escola Internacional do Actor Juan Carlos Corazza. Compaxina o seu traballo como actor, profesor de interpretación e director en diversos proxectos e a dirección de varias obras de teatro, coa ampliación da súa formación en diversos cursos e talleres de investigación teatral e en Psicología Integrativa no Programa SAT de Claudio Naranjo.

Dende finais de 2008 ponse á fronte da Dirección de La Luciérnaga. "O Noso Pobo" é o seu primeiro traballo con esta agrupación, asumindo a dirección e adaptación desta obra de Thornton Wilder.

Interpretan: Compañía "La Luciérnaga".

Dirixido a: público xeral e todas aquelas persoas que se queiran formar en integración a nivel educativo, especialmente educadores sociais, integradores sociais, mestres especiais, psicopedagogos, psiquiatras...

Lugar de realización: Auditorio.



22.00h > Remate do Festival

| Horario | Ubicación | Título | A cargo de |
|-----------------------------|----------------------|--|---|
| 10.00-11.00 | Sala de Conferencias | Conferencia 1: Integración Social a través da Arte | Vicente Galaso e Silvia Longueira |
| 11.00-12.00 | Sala de Conferencias | Conferencia 2: Proxecto educativo: O Pelouro | Teresa Ubeira e Juan Llauder |
| Pausa - Café | | | |
| 12.30-13.30 | Sala de Conferencias | Conferencia 3: Conferencia O.N.C.E | Víctor Duplá |
| 13.30-14.00 | Auditorio EXPOCoruña | Espectáculo 1: O Vello Sorriso | Alumnos Obradoiro Experimentacultura |
| Remate xornada mañá | | | |
| 17.00-18.00 | Galería | Espectáculo 2: Míranos e Camiñando | 5S |
| 18.00-19.00 | Galería | Espectáculo 3: Proxecto Movements en Ruta | Eudanza |
| 19.00-20.00 | Sala de Conferencias | Videoproxeccións | |
| 20.00-21.00 | Sala de Conferencias | Conferencia 4: Mostra e Mesa Redonda: Illados | Vicente Galaso, Pilar Mingote e presos das cárceres |
| 21.00-22.00 | Auditorio EXPOCoruña | Espectáculo 4: Proxecto de teatro La Luciérnaga: Mi pueblo | Víctor Duplá |
| Remate xornada tarde | | | |

Tarifas

A matrícula para asistir ás conferencias realizarase cumprimentando a ficha de inscrición e enviándoa a info@expocoruna.com. Os prezos da mesma son:

25€ - entrada CONFERENCIAS+ESPECTÁCULOS

3€ - entrada ESPECTÁCULOS

Nenos ata 12 anos: entrada de balde.

Traballo Práctico

Deseño/Desenvolvemento dun proxecto práctico con base nos coñecementos adquiridos neste curso.

Normas de realización e entrega dos traballos prácticos: os traballos prácticos deberán ser entregados nun prazo posterior de dúas semanas á realización do festival (data límite: luns 15 de marzo de 2010). Na portada do traballo deberá figurar o nome do alumno, a titulación académica que cursa e os datos de contacto (teléfono ou dirección e-mail). Os traballos entregaranse en man en EXPOCoruña ou enviaranse impresos á seguinte dirección: EXPOCoruña, Avda. da Universidade s/n 15008 A Coruña ou en formato dixital a: info@expocoruna.com.

Así mesmo, a aqueles alumnos que o soliciten, se lles fará achega dun certificado de asistencia ao festival FAI.


Tramitado o crédito de libre elección pola Universidade da Coruña



EXPOcoruña

Avda. da Universidade s/n
15008 A Coruña
Tel.: 902 110 119
Fax: 881 920 137
info@expocoruna.com
www.expocoruna.com

Organiza:



Patrocina:



Colabora:



 **OBRA SOCIAL CAIXA GALICIA**